

CLASIFICACIÓN DOS CENTROS DOCENTES

Clasificación dos centros docentes públicos aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de setembro de 2002.

INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS E CENTROS QUE IMPARTEN ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL:

- Tipo A: Centros de máis de 1350 alumnos.
- Tipo B: Centros de 751 a 1350 alumnos.
- Tipo C: Centros de 450 a 750 alumnos.
- Tipo D: Centros de menos de 450 alumnos.
- Tipo E: Extensións ou seccións delegadas.

Os institutos nos que se imparta ademais de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, algún ciclo formativo de formación profesional ou programa de garantía social, estarían clasificados cando menos como tipo C.

ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E COLEXIOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Tipo A: Colexios de 40 ou máis unidades.
- Tipo B: Centros específicos de Educación Especial e colexios de 18 a 39 unidades.
- Tipo C: Colexios de 12 a 17 unidades.
- Tipo D: Colexios de 6 a 11 unidades.
- Tipo E: Colexios de 3 a 5 unidades.

Nova clasificación (só para efectos retributivos) que entrará en vigor o 1 de setembro de 2008 (Preacordo de 16 de maio de 2006 entre as OO.SS. e a Consellaría)

INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS, CENTROS INTEGRADOS DE F.P., CENTROS QUE IMPARTEN ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E CENTROS ESPECÍFICOS DE ADULTOS

- Tipo A: Centros de máis de 1350 alumnos.
- Tipo B: Centros de 751 a 1350 alumnos.
- Tipo C: Centros de menos de 750 alumnos.
- Tipo D: Extensións ou seccións delegadas.
- Os conservatorios superiores de música, as escolas de artes plásticas e deseño nas que se impartan ensinanzas superiores, a Escola de Restauración, a Escola de Arte Dramática, os centros residenciais docentes e os centros integrados de F.P. estarán clasificados como centro tipo A.

ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E COLEXIOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

- Tipo A: Colexios de 40 ou máis unidades e Centros específicos de Educación Especial
- Tipo B: Colexios de 18 a 39 unidades.
- Tipo C: Colexios de 6 a 17 unidades.
- Tipo D: Colexios de 3 a 5 unidades.